

A N U N C I O

APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN DOS DEPARTAMENTOS Nº3, Nº4, Nº5, Nº8, Nº14 E Nº15 NO PORTO DE PONTEDEUME.

Mediante o presente anuncio procedese á apertura dun prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, para a presentación polos interesados de solicitudes de ocupación de ditos departamentos, conforme ás seguintes bases:

1.- As solicitudes deberán presentarse na Sede Electrónica da Xunta de Galicia empregando o modelo con código IF500B, regulado na RESOLUCIÓN do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento de prórroga de autorización de ocupación de dominio público portuario (códigos de procedemento IF500B e IF500C). Dentro do prazo establecido.

2.- Deberá aportarse xunto a solicitud IF500B a documentación do anexo I do procedemento:

a.) Documentación acreditativa das actividades do peticionario no porto de **PONTEDEUME**, de acordo cos criterios seguintes:

1.-En caso de armadores de buques de pesca/marisqueo, deberán presentar unha copia actualizada da folla de asento da embarcación da capitánía marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüedad máxima dun ano. Este documento compose polas follas: "Rexistro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes. Certificado de navegabilidade, máis permiso ou licenza de navegación da embarcación. Todo isto, debidamente compulsada pola Capitanía Marítima, e acreditación da actividade de acordo co establecido na cláusula 4^a da presente convocatoria.

2.-En caso de mariscadores a pe, recolectores de recursos específicos, ou outras actividades extractivas, deberán acreditar a actividade de acordo co establecido na cláusula 4^a.

3.-En caso de exportadores de pescado, deberán acreditar a actividade de acuerdo co establecido na cláusula 4^a.

4.-En caso de armadores de 7^a lista, deberán presentar unha copia actualizada da folla de asento da embarcación da capitánía marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüedad máxima dun ano. Este documento compose polas follas: "Rexistro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes. Certificado de navegabilidade, máis permiso ou licenza de navegación da embarcación. Todo isto, debidamente compulsada pola Capitanía Marítima, así coma orixinal ou copia autentificada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formaliza a solicitude.

5.-As embarcacións inscritas segundo o Réxime especial das embarcacións de recreo con marcado CE de eslora igual o inferior a 12 mts. e que non teñan Certificado de Inscripción dunha copia compulsada da Declaración de Conformidade da embarcación CE.

6.-Nos demais casos, a documentación deberá acreditar co máximo detalle posible as actividades desenvolvidas polo peticionario no porto de **PONTEDEUME**.

b.-) No caso de que a petición se faga a nome dunha Sociedade, deberá presentarse fotocopia compulsada da Escritura de Constitución da Sociedade.

3.-O Ente Público Portos de Galicia, á vista da documentación presentada, valorará as distintas solicitudes e procederá, no seu caso, ó outorgamento das autorizacións correspondentes. *Darase preferencia ás solicitudes polo seguinte orden:*

1º) Armadores, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

2º) Exportadores

3º) Armadores de 7^a lista, con preferencia os que teñan autorizada unha praza de amarre no porto ou teñan base nese porto; e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto. En caso de exceder o número de solicitudes o dos departamentos dispoñibles, a preferencia darase por orde de entrada en rexistro de



acordo co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4º) Mariscadores a pé, recolectores de recursos específicos, ou outras actividades extractivas, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

5º) Outros usuarios. Sempre e cando os usos solicitados sexan conforme cos permitidos na **Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP)**, aprobado para o Porto, de ser o caso.

4.- A actividade á que se refire os puntos da presente convocatoria acreditarase do seguinte xeito:

- Buques pesqueiros/marisqueo: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos asociado ó solicitante e ó buque. Para o cálculo do volumen anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados. No suposto de que nos tres últimos anos se propuxesen cambios de embarcación por parte do titular, poderase acreditar a actividade tanto da nova como da vella durante ese período.
 - Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos relativo ó mariscador. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
 - Exportadores: certificación das compras en lonxa dos tres últimos anos do solicitante. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
 - So se terán en conta aqueles certificados anuais que superen un volumen de compras/ventas superior ó mínimo interprofesional. No suposto de embarcacións este mínimo interprofesional será multiplicado polo número de tripulantes da embarcación. O feito de non cumplir este requisito implicará a perda de prioridade no proceso de adxudicación sobre outros posibles solicitantes.
 - No caso de que as ventas se acreden nunha lonxa doutro porto, multiplicarase por 0,75 o importe acreditado se a lonxa está nun porto autonómico, e multiplicarase por 0,5 se as vendas acreditadas nunha Autoridade Portuaria.
 - Terán prioridade as solicitudes dos propietarios de embarcación con base no porto onde se localiza o departamento, en segundo lugar os que teñan base nun porto que dependa da mesma confraría que o porto onde se localiza o departamento e en terceiro lugar os restantes. Para elo, o importe anual de ventas ponderarase multiplicándolas por 1,5 para embarcacións con base no mesmo porto, por 1,25 para os que teñan base nun porto dependente da mesma confraría e por 1 os restantes.
 - No suposto de exportadores, ponderarase o volume de compras en lonxa de igual xeito, multiplicando por 1,5 para o volume acreditado na lonxa do mesmo porto, 1,25 para as compras en lonxas dependentes da mesma confraría e 1 para as restantes
- 4 As solicitudes tramitaranse una por cada titular, e no caso de armadores se poderá admitir una por cada embarcación da cal é propietario, sempre que se acredeite a titularidade e a actividade de xeito desagregado
- 5 En caso de que algúns solicitante xa dispoña dun departamento autorizado no porto de **PONTEDEUME** pasará ó final da lista de solicitantes da súa categoría a efectos de prioridade na adxudicación.
- 6 No serán admitidas as solicitudes das persoas ou entidades que teñan débedas pendentes co Ente Público Portos de Galicia.
- 7 De conformidade co dispuesto na normativa sobre facendas locais, Portos de Galicia repercutirá a parte da cuota líquida do imposto de bens imóveis en razón á parte do valor catastral que corresponde á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada cesionario do dereito de uso
- 8 As condicións que rexerán a ocupación dos departamentos poderán ser examinadas nas oficinas de Portos de Galicia no porto de **SADA**, e na páxina web: www.portosdegalicia.com.



PREGO DE CONDICIÓNNS DA AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DE SUPERFICIE CUBERTA SUXEITA A TARIFA E-2

A presente autorización réxese polas condicións xerais establecidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, nas regras establecidas para a tarifa E-2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, polo regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976, e polas condicións xerais e particulares seguintes:

1ª.- A presente autorización outórgase a, en adiante **TITULAR**, para **UTILIZACIÓN DO DEPARTAMENTO Nº3, Nº4, Nº5, Nº8, Nº14 E Nº15 DO PORTO DE PONTEDEUME DESTINADO A USO COMO ALMACÉN PARA PERTREITOS DE EMBARCACIÓN.**

SUPERFICIE UTILIZADA DEPARTAMENTO Nº3 – Nº 4- Nº 5 Nº 8: 40,05 m²

SUPERFICIE UTILIZADA DEPARTAMENTO Nº 14 – Nº 15: 19,63 m².

O uso a que se vai destinar o **DEPARTAMENTO** é exclusivamente o directamente relacionado coa actividade descrita no parágrafo anterior, non podendo almacenarse no mesmo ningún obxecto ou mercadoría nin realizar actividade algúnhha que, a xuízo de Portos de Galicia, non estea relacionada con aquelas, e en ningún caso almacenarse materiais inflamables ou explosivos.

O outorgamento desta autorización non exime ó seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles.

2ª.- Esta autorización outórgase ata, e considerarase extinguida ó vencemento de dito prazo, estando obrigado o titular da autorización a desaloxa-lo dominio público ocupado.

3ª.- A utilización da instalación portuaria quedará baixo a vixilancia e inspección do persoal de Portos de Galicia. Se, a xuízo de Portos de Galicia, o tipo de mercadoría ou a forma do seu almacenamento non se axustase ó uso autorizado, ou constituise perigo ou molestia, poderá este ordenar o seu levantamento con cargo ó usuario e sen prexuízo das sancións ás que este se fixera acreedor.

Prohibébase a realización de calquera obra ou instalación de carácter permanente na instalación portuaria. Calquera tipo de obra ou instalación de carácter non permanente que o peticionario deseche realizar deberá contar coa previa autorización de Portos de Galicia, quen poderá prohibila ou introduci-la modificacións que considere oportunas.

Non se poderán autorizar obras ou instalacións de calquera tipo que supoñan incremento de volume ou superficie construída da orixinariamente autorizada.

4ª.- A dita autorización outórgase a título de precario, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e sen cesión do dominio público nin das facultades dominicais da Comunidade Autónoma, e non é transferible.

5ª.- Se por necesidades do servizo fora preciso desaloxala ocupación autorizada, o titular desta deberá deixar libre a mesma no prazo que se lle indique por Portos de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen realizala operación de desaloxo aplicarase a regra décimo cuarta da tarifa E-2 da Lei 6/2003 tanto no referente á tarifa a facturar como á retirada dos materiais depositados no dominio público ocupado.

Neste suposto será de ampliación a regra 9ª da Lei 6/2003 os efectos de facturar as ocupacións con orde de desaloxo.

6ª.- Portos de Galicia non será responsable do deterioro ou mingua das mercadorías, máquinas ou útiles que puidera haber na superficie ocupada, sexa cal fora a causa, nin dos accidentes que puideran producirse no mesmo.

7ª.- Queda expresamente prohibido o arrendamento, enaxenación ou calquera outro negocio xurídico que permita a terceiros o uso da superficie autorizada.

8ª.- O porto de Porto do Son, é un porto do grupo B, nembargantes, o titular da autorización aboará, por trimestres vencidos, a contías indicadas na regra 7ª da Tarifa E-2 para superficie **CUBERTA** para e zona de **ALMACENAMENTO, no porto de categoría B**, recollida na Lei 6/2003, de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coas actualizacións que correspondan en cada momento, así como a tarifa E-3 de fornecementos no suposto de que fora utilizado o dito servizo.

Na data do outorgamento o importe da taxa para o **grupo B** é de **0,054419€/m² e día**. A superficie a considerar será de .. m².



No valor da tarifa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

O titular da autorización deberá domicilia-lo abono das liquidacións emitidas por Portos de Galicia relativas á tarifa E-2 e E-3 orixinada pola ocupación que se autoriza nunha entidade bancaria.

En caso de falta de pagamento das liquidacións emitidas, Portos de Galicia utilizará para o seu cobro o procedemento administrativo de conxinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

9ª.- Con independencia da tarifa estipulada na condición anterior, o titular da autorización está obrigado a aboar as correspondentes tarifas de servizos directos ou indirectos que poida recibir, excepto a de ocupación de superficie **CUBERTA** obxecto da autorización, como a tarifa E-3 no suposto de que existan fornecementos de auga o electricidade.

10ª.- O titular queda obrigado a conserva-las obras, instalacións e terreos obxecto da autorización en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ó seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas.

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos, e sinala-las obras de reparación ou conservación que deban realizarse, quedando obrigado o titular da autorización a executalas ó seu cargo no prazo que se lle sinala.

Así mesmo, tomará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria como nos seus aledaños, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ó mar, debendo cumplir en cada momento a normativa vixente nestas materias.

Se o estado de conservación das instalacións portuarias ou se as medidas tomadas polo titular da autorización para evita-la contaminacións foran insuficientes a xuízo de Portos de Galicia, este organismo poderá suspender calquera tipo de operación na instalación sen que o peticionario teña dereito a ningunha indemnización.

O incumprimento desta condición será causa de caducidade da autorización.

11ª.- O titular da autorización deberá manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborará toda a documentación relativa ás obrigas que lles impón dita lexislación, documentación que deberán conservar e por a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia, cando esta lle sexa requirida.

A acción preventiva deberá comprender todos os traballos, de calquera natureza, desenvolvidos polo titular nas instalacións autorizadas e, en xeral, na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva do titular deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan nas instalacións terceiros que efectúan algúns traballo pola súa conta.

O titular da autorización, co fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolvida por el R.D. 171/2004, de 30 de xaneiro, comprometese ó seguinte:

- Recibir e trasladar os seus traballadores a Ficha de Información de Riscos e Medidas Preventivas dos portos. O dito documento está a súa disposición na páxina web www.portosdegalicia.com.
- Recibir e trasladar ós seus traballadores as Medidas de Emerxencia e Listados de Teléfonos de Emerxencias que están a súa disposición e na páxina web www.portosdegalicia.com
- No seu caso, acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariais que, no seu caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública

12ª.- O cese na actividade para o que se autoriza a ocupación, a utilización para uso distinto do especificado na condición 1ª, ou o incumprimento de calquera das condicións anteriores, será causa de anulación inmediata da presente autorización.

13ª.- O incumprimento polo TITULAR de calquera das condicións anteriores así como a carencia dos permisos ou licencias esixibles por outras Autoridades ou Organismos competentes, implicará, sen prexuízo das sancións





que sexan legalmente procedentes, a revogación unilateral desta autorización. Igualmente, a autorización poderá ser revocada unilateralmente e en calquera momento por esta Administración cando resulte incompatible con normativa ou con obras ou plans aprobados con posterioridade, entorpeza a explotación portuaria, ou impida a utilización do espazo para actividades de maior interese portuario.


14º.- No non disposto no presente prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, de ser o caso, se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, estarase ao disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu defecto, nos preceptos que resulten aplicables da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas así como do seu regulamento aprobado polo Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, do Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante no Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás autorización sobre dominio público portuario.





PORTOS
DE
GALICIA

ANEXO.- (PLANO).



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
ZONA CENTRO
Avda. do Porto, 5 – 6^a planta
15006 A Coruña
www.portosdegalicia.gal

